


Diciembre

Profesores

Exámenes

Nosotros






O DECLIVE DO ANTIGO RÉXIME

Definición de Antigo Réxime: tipo de organización social, política e económica característica de finais da Idade Moderna e definida pola **sociedade estamental**, as **monarquías absolutas** e unha **economía de base agraria** maracada polo mercantilismo.

A SOCIEDADE DO S. XVIII:

A poboación europea:

A comezos do século **XVIII** a situación da poboación europea comeza a mudar. O descenso da mortalidade provocou un crecemento demográfico continuo, que acabará dando lugar a un **cambio de ciclo demográfico**. A mellora na alimentación, hixiene, medicamentes etc, reducen de forma notable a mortalidade e comeza un crecemento considerable de poboación.



Una sociedade rural: a maior parte de poboación vive no **campo** e traballa na **agricultura**. Sen embargo, algunhas cidades eurpeas recobrar a importancia que tiveran con anterioridade no comercio e desenvolvese a **burguesía**.





A sociedade estamental: caracterizada pela existência de três estamentos agrupados em:

1. **Privilexiados:** grupo formado pola **nobreza** e o **clero**. Non pagaban impostos e tiñan tribunais propios. Non tiñan que responder ante determinadas leis ou gozaban dun tratamento especial ante elas.
2. **Non privelexiados:** constituído polo **terceiro estado**. Pagaban impostos. Sostiñan co seu traballo e impostos o resto dos estamentos e estaban sometidos á lei.

Os estamentos eran grupos pechados aos que se pertencía por nacemento. En calquera caso, algúns campesiños, grandes terratenentes ou importantes burgueses accederon a condición de nobre mediante o matrimonio das súas fillas ou fillos con nobres ou mercando o seu título a nobres arruinados.



Características dos tres estamentos:

1. **Nobreza:** grupo minoritario aínda que posúe a maior parte das terras. Vive das rendas (en diñeiro ou especie) que lle dan os campesiños por traballar as súas terras. Pódense diferenciar diferentes grupos en función do nivel económico:
 - a) **Alta nobreza:** grandes propietarios, condes, marqueses etc.
 - b) **Baixa nobreza:** só teñen o seu título, cabaleiros, fidalgos etc.



2. Clero: a Igrexa, ao igual que a nobreza, tamén posuía privilexios e recadaba impostos como o **décimo** (o **10% da colleita**). Distinguimos os seguintes **grupos**:

Alto clero: formado por bispos e abades.

Baixo clero: composto por **sacerdotes, monxes e monxas** procedentes habitualmente do terceiro estado.



3. Terceiro estado:

engloba o 90% da poboación. Pódense diferenciar:

- a) **Poboación rural.** Os campesiños eran a maior parte da poboación rural. Había diferencias entre os **propietarios** de terras, os **arrendatarios**, vinculados a igrexa ou a nobreza e os **xornaleiros** que estaban contratados para a sementeira e a colleita a cambio dun xornal.



b) Poboación urbana.

Ligados ao
crecemento das
cidades xorden varios
grupos en función do
seu poder económico:

- **Burguesía
mercantil e
industrial:** que
trataba de
conseguir tamén
poder político.
- **Profesionais e
funcionarios.**
- **Artesanado.**



O ESTADO ABSOLUTO

Definición de absolutismo: réxime político desenvolvido entre os séculos XVII e XVIII caracterizado pola concentración de todos os poderes nas mans do rei.


O Estado moderno

Co inicio da **Idade Moderna** o rei comeza a introducir reformas encamiñadas a restarlles poder á nobreza e a Igrexa e concentrando todo o poder nas súas mans. O obxectivo era crear un Estado forte. Algunhas destas **reformas** consistiron:

- A creación dunha **burocracia** (funcionarios) que axudase ao rei no goberno do Estado.
- A creación dun **exército** permanente. Está formado por **mercenarios** e dirixido por membros da nobreza.
- A creación dunha **facenda** que xestiona o coro de impostos.
- A creación dunha **diplomacia** que representase ao Estado fora das súas fronteiras.



As monarquías autoritarias: modelo de monarquía onde os reis exercen un poder real **máis forte** que na Idade Media. A pesar diso, existían privilexios e institucións como as **Cortes** (formadas pola nobreza, o clero e algúns burgueses) que coartaban (tentaban impedir) o poder do rei. (Ex: Reis Católicos, Austrias).



As monarquías absolutas:
monarquías creadas a partir dos séculos XVII e XVIII e nas que os reis chegaron a alcanzar un poder absoluto. Os monarcas absolutos consideraban que o seu poder procedía directamente de Deus e por iso ningunha institución humana podía poñerlles en cuestión. Ex: Luís XIV.



O **parlamentarismo inglés**: na mesma época en que se tomou como modelo en Europa a monarquía absoluta, en **Inglaterra** os intentos da dinastía dos **Estuardo** de implantar o modelo absolutista chocaron con parate da **nobreza** e da **burguesía** que finalmente conseguiron limitar o poder real a través do **parlamento**. Deste xeito, a partir de 1688 inaugúrase a **Revolución Gloriosa de 1688**.



Exercicios:


1. Cales son as características do estado moderno?
2. Elabora unha liña do tempo que inclúa os tipos de monarquías ao longo da Idade Media e da Idade Moderna e as características básicas de cada unha.
3. Os Reis Católicos representaron o modelo de monarquía autoritaria que xorde en Europa ao comezo da Idade Moderna. Investiga en **internet** sobre as reformas que levaron a cabo para fortalecer o poder real.
4. Le detidamente este texto e responde as preguntas que se expoñen.
5. Cales son as diferenzas entre unha monarquía absoluta e unha monarquía parlamentaria?

A ECONOMÍA DO ANTIGO RÉXIME

A **economía** característica do **Antigo Réxime** é fundamentalmente de **base agraria** e escasos rendementos. Por outra banda o comercio colonial comezou a adquirir moita importancia. O sistema económico imperante será o mercantilismo.

Unha economía de base agraria:
Fundamentos:

1. Centrada na **subsistencia** ou **autoconsumo** dos campesiños.
2. Dependente do **clima**: xeadas, secas, inundacións....
3. É **pouco produtiva**, empregando o arado romano, o **barbeito** etc...



O FLORECEMENTO DO COMERCIO COLONIAL:


En contraste coa situación da agricultura o **comercio** despega e favorece o dinamismo económico e as cidades.

As **causas** dese auxe do comercio son os intercambios coas terras recén descubertas.

Holandeses, Ingleses e Franceses desenvolveron as chamadas **compañías comerciais**, desenvolvendo un comercio triangular entre **Europa, África e América**.

Funcionaba así:

1. En **Europa** cárganse os barcos cheos de manufacturas cara **África**.
2. En **África** intercámbianse as manufacturas por escravos en dirección a **América**.
3. En **América** os escravos son intercambiados por materias primas como café, cacao, azucre ou algodón.



O **MERCANTILISMO**: sistema económico predominante no **Antigo Réxime** baseado na idea de que se debía **fomentar a economía nacional** para favorecer o fortalecemento de Estado que buscaban as monarquías absolutas. Características:

1. **Exportar** preferentemente a zonas que tivesen grandes cantidades de metais preciosos.
2. Establecer impuestos de aduanas (**aranceis**) para protexer os produtos interiores e evitar que se importasen mercadorías do exterior.
3. **Intervir desde o Estado** na produción de materias primas e manufacturas. Creación de manufacturas reais.



MERCANTILISMO



Esta teoría económica se basaba en la creencia de que la **riqueza del mundo era fija** y de que cada Estado debía intentar conseguir la mayor parte posible. El objetivo era la **acumulación de metal precioso** y el logro de una balanza comercial ventajosa. Para conseguirlo se aplicaban tasas a las importaciones de otros países y se ofrecían condiciones ventajosas a la producción propia.

El mercantilismo fue perdiendo peso a mitad del siglo XVII a favor de políticas liberales en Inglaterra y los Países Bajos, que fueron los países que mayor crecimiento alcanzaron



Preguntas:

- Resume a situación da agricultura no século XVIII.
- Explica en que consistía o comercio triangular.
- Explica coas túas palabras que é o mercantilismo.

[LA ILUSTRACIÓN DEL SIGLO XVIII](#)

[🕯️ ¿Pueden las ideas cambiar el mundo? - YouTube](#)

A ILUSTRACIÓN E A POLÍTICA

17.As achegas da Ilustración ao ámbito político son as derivadas da implantación do liberalismo:

- A separación de poderes lexislativo, executivo e xudicial como garantía dos dereitos cidadáns.
- A tolerancia relixiosa, a liberdade e os dereitos civís.
- A igualdade de todos os homes ante a lei.

18.As diferenzas entre o absolutismo e o liberalismo político son que o absolutismo recoñece todos os poderes no monarca, que é quen outorga os dereitos aos súbditos, e obtén a súa autoridade de Deus. Con todo, o liberalismo defende a separación de poderes e o respecto aos dereitos naturais do ser humano.

19.A frase «Todo para o pobo, pero sen o pobo» significa que os monarcas emprenderon tímidas reformas para mellorar o nivel de vida dos seus súbditos, pero non cambiaron o sistema de goberno, seguían sendo déspotas.

20.Segundo o texto de Voltaire:

- a) A nobreza caracterízase por ir ben vestida, ter aires de grandeza e coñecer os horarios do almorzo do rei. Son consideradas características negativas.
- b) A burguesía caracterízase por estar formada por negociantes que enriquecen o seu país, dar ordes no Cairo e contribuír á felicidade do mundo. Son consideradas características positivas.
- c) A incoherencia consiste en que os privilexios os teñen as **clases inútiles**.
- d) Denuncia a consideración da nobreza como superior á burguesía.

21.As novas teorías económicas:

- a) Para a fisiocracia a fonte principal de riqueza é a agricultura e para o liberalismo, o traballo.
- b) Cren que o Estado non debe intervir na economía.
- c) Oponse á teoría económica anterior en que o mercantilismo defendía o control do Estado sobre o comercio, os gremios e as compañías comerciais.

22.Resposta libre. É unha máquina «reinventada» en 1701 polo agricultor Jethro Tull. En agricultura denomínase sementadora a unha máquina destinada a sementar, e cuxo motor adoitaba ser

un malacate arrastrado por cabalerías. Na actualidade, o frecuente é obter potencia dun tractor. A maioría destas máquinas levan unhas reixas diante dos tubos polos cales se distribúen os grans, que van abrindo o suco en que se depositan, e rastros, rodets ou bancadas que os cobren logo de terra (Wikipedia.es).